

Agustín Fernández Gallego
20 de marzo de 2013

CONCELLO DE OURENSE
ALCALDÍA



Estimado amigo:

O pasado 29 de xaneiro, nun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal convocado para debater o estado da cidade, presentei ós grupos políticos con representación no Concello a chamada **“Declaración das Burgas”** coa proposta de actuar con voz única diante das administracións estatal e autonómica, en demanda do desbloqueo dos proxectos máis importantes da cidade que siguen pendentes de execución e acumulan retrasos que, ás veces, son xa crónicos.

Considero, non obstante, que os axentes sociais e económicos teñen un papel fundamental na reivindicación de trato xusto e equitativo á nosa cidade, e con este fin trasládolle a **“Declaración das Burgas”** solicitando o seu apoio, así como as súas suxerencias para acadar mellor o obxectivo da mesma.

Como vostede sabe, un dos proxectos clave que siguen pendentes é **a integración urbana do AVE e a chamada variante exterior**. Durante as últimas semanas teñen xurdido numerosas dúbidas respecto deste proxecto. Lonxe de aclaralas, a comparecencia da Ministra de Fomento o pasado día 19 de marzo no Senado aumenta a inqueda e dá a entender que o Goberno pode estar cuestionando o proxecto público máis importante da historia desta cidade. É o momento, por tanto, dunha forte mobilización institucional, empresarial e cidadá para salvar o proxecto do AVE en Ourense e en Galicia, porque se finalmente o Goberno recupera o **“trazado da vergoña”** proposto no seu día, o AVE a Galicia quedará lastrado para sempre coma un proxecto de segunda clase.

O seu apoio e o apoio da organización que vostede representa a esta declaración é un paso moi importante, significativo e útil para que Ourense comece a falar cunha soa voz dos nosos proxectos comúns. Un paso, o primeiro paso para reivindicar social, empresarial e politicamente que ningún goberno nin administración pública poida seguir ignorando ou marxinando á nosa cidade.

Atentamente,

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and strokes, is written over a circular official seal. The seal features the coat of arms of Ourense and the text 'ALCALDÍA DE OURENSE' around the perimeter.